

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 21 de febreiro de 2011

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro (incorporouse ás 9.09)
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Francisco Xabier Alonso Pérez

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira

D^a Laura López Atrio
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás 9.08 horas do día vinteun de febreiro de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral accidental, Sr. Suarez Sánchez, o titular da Asesoría Xurídica, non asistíu.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1.- ACTA ANTERIOR. Apróbese a acta da sesión extraordinaria e urxente do 11.02 e ordinaria do 14.02.2011. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(165).- PROXECTO CONSTRUTIVO DE PECHE PERIMETRAL DE FINCA NO CENTRO CÍVICO DE TEIS. EXPTE. 5044/320.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de servizo de Promoción Económica e Emprego, do 26.01.2011, conformado polo concelleiro da área de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto construtivo de peche perimetral da finca do Centro Cívico de Teis, que se achega no expediente.

3(166).- CONCESIÓN DE AXUDAS DE COMEDOR EN LISTA DE ESPERA E REGULARIZACIÓN DA FACTURACIÓN DO COLEXIO SAN FERMÍN, CURSO 2009-2010. EXPTE. 58009/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Actividades Económicas, do 31.01.2011, conformado pola concelleira delegada da área de Benestar Social, co fiscalizado e conforme da xefa do servizo de Fiscalización do 10.02.2011, conformado na mesma data polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Recoñecer crédito por importe de 75.000 euros con cargo á partida 2310.4810000 -Axudas libros-comedor- do vixente orzamento, para facer fronte ao pago das becas de comedor aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 15 de novembro de 2010 correspondentes ao curso 2010-2011”.

4(167).- CONCESIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 1138/03, 44/13, 2377/23 E 3018/04.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da traballadora social Responsable do Programa, do 8.02.11, 9.02.2011 e 10.02.11, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar as seguintes persoas:

- D^a Isabel Eloina Bautista Redondo. Expte. 1138/02.
- D. Andrés Alonso Calabor. Expte. 2377/23.
- D. Martín Silvoso Pérez. Expte. 44/13.
- D. Ramón Leal Fariña. Expte. 3018/04.

5(168).- LIQUIDACIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN CON PRAZADOURO, S.L. EXPTE. 3365/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Contratación e Novos Proxectos, do 17.02.2011, conformado polo concelleiro da área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.-

“Fijar en la suma de 25.378.191,00 € el importe máximo de la indemnización que le correspondería a fecha de 1 de octubre de 2010 a la entidad PRAZADOURO,S.L., por la liquidación del contrato de 23 de junio de 1988, al ser uno de los efectos que produce la ejecución de la Sentencia del Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 11 de noviembre de 2004 que anula los acuerdos del Pleno del Concello de 27 de enero y 29 de mayo de 1998 por los que se aprobaban los pliegos de condiciones reguladores del concurso de la concesión de dominio público consistente en la redacción del proyecto de construcción y explotación de un aparcamiento y locales comerciales de usos terciarios en la denominada Praza Elíptica y la urbanización del PERI - I- 5 de la Ciudad de Vigo y, se adjudicaba el contrato a la entidad PRAZADOURO,S.L..”

Segundo.-

“No procederá el abono de la citada cantidad en el supuesto de que PRAZADOURO, S.L., resulte adjudicatario de la concesión de dominio público para la explotación del aparcamiento y los locales comerciales de usos terciarios ubicados en el subsuelo de la Plaza de Don Francisco Fernández del Riego, antigua Plaza Elíptica, de la ciudad de Vigo, **atendiendo a lo establecido en el Pliego**, y por el procedimiento de otorgamiento directo a PRAZADOURO S.L., en virtud del acuerdo adoptado por la XGL de 23 de diciembre de 2010.”

6(169).- ALLEAMENTO DE 29 VEHÍCULOS PARA CHATARRA. EXPTE. 3544/241,

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 11.02.2011, conformado polo concelleiro de Mobilidade, Transporte e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

“Allear para chatarra 29 vehículos que se atopan no depósito municipal (que figuran en relación adxunta), solicitando oferta a diversas empresas especializadas, que haberán de cumpri-las seguintes condicións:

- As empresas licitadoras estarán en posesión da autorización concedida pola Xunta de Galicia como xestoras de residuos perigosos (vehículos ó final da súa vida útil).
- Non se fixa tipo de licitación, debendo ofertarse unha cantidade global para o lote completo.
- Os gastos de recollida e traslado dos vehículos e motocicletas serán por conta do adxudicatario, debendo secciona-los bastidores antes da retirada, no prazo máximo de 10 días (contado a partir da data de notificación do acordo de adxudicación), debendo presenta-lo xustificante do abono do prezo.

- O adxudicatario será o licitador que oferte un prezo máis alto.

As ofertas presentaranse en sobre pechado a través do Rexistro Xeral do Concello que conterá o seguinte modelo de proposición:

“D., con D.N.I. nº, en nome propio (ou en representación de), informado do procedemento para a venda para chatarra de 29 vehículos, solicita a súa admisión ó mesmo e fai constar:

- 1.- Que acepta integramente as condicións para a enaxenación dos 29 vehículos.
- 2.- Propón como prezo para a compra dos 29 vehículos o de euros.

Lugar, data e sinatura do licitador.”

7(170).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

A) C. AUTOMOTO. EXPTE. 3457/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 10.02.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a COMERCIAL AUTOMOTO S.A. a fianza de 3.892 € constituída para responder da subministración de vehículos para a Policía Local xa que foron recibidos conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

B) UTE LAGARES. EXPTE. 1833/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 9.02.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a UTE PASEO DO LAGARES a fianza de 10.732,68 € constituída para responder das obras de mellora no Paseo do Lagares xa que foron recibidas mediante acta de 2.01.08 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

C) UTE BOUZAS. EXPTE. 1834/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 9.02.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a UTE PASEO DO LAGARES a fianza de 8.170,52 € constituída para responder das obras de reparación do Paseo do Bouzas xa que foron recibidas mediante acta de

25.05.07 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

D) VILAR MONTORO. EXPTE. 3403/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 9.02.11, a Xunta de Goberno local acorda:

“Devolver a Vilar Montoro Ingeniería, S.L. A garantía por importe de 956,86 euros, segundo mandamento de ingreso nº 201000018095, constituída para a licitación da asistencia técnica á dirección facultativa das obras de instalación de rede separativa de pluviais, renovación das redes de abastecemento, saneamento e mellora da eficiencia lumínica na rúa Pi y Margall, entre o Paseo de Alfonso e Chile, toda vez que a mesma non foi adxudicada a empresa algunha.”

8(171).- MODIFICACIÓN DO ACORDO DA XGL DO 7.02.2011, NOS NOMEAMENTOS RELATIVOS Á DIRECCIÓN DE OBRA, DIRECCIÓN DE EXECUCIÓN E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE PARA OS TRABALLOS DE “CONSTRUCCIÓN DUN PAVILLÓN POLIDEPORTIVO EN CANDEÁN”. EXPTE. 10296/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 16.02.2011, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Nomear a D. Santiago González García, en representación de NAOS 04 ARQUITECTOS, SLP, para desenvolver a dirección de obra da construción dun pavillón polideportivo en Candeán.

2.- Nomear a D. Francisco Javier Fafián Mosquera para a coordinación de seguridade e saúde das obras de construción dun pavilón polideportivo en Candeán.

3.- Nomear a D^a. Luz Campos Ferro para desenvolver a dirección de execución das obras de construción dun pavillón polideportivo en Candeán.

9(172).- MODIFICACIÓN DA RPT DO ORGANISMO AUTÓNOMO ADMINISTRATIVO DO INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES. EXPTE. 10300/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 3.02.2011, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro: Aprobar a relación de postos de traballo que se adxunta, do Instituto Municipal dos Deportes.

CADRO DE PERSOAL - RELACION DE POSTOS DE TRABAJO: PERSOAL LABORAL E FUNCIONARIO EXERCICIO 2011

ORGANISMO AUTONOMO "INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES DE VIGO"

Laboral

DENOMINACION	DOT	RL	GR	CD	CE
DIRECTOR DEPORTIVO-XEFE UNID. TEC.DEP	1	INDEF.	A1	28	86
DIRECTOR TECNICO	1	INDEF.	A1	27	18
COORDENADOR DEPORTIVO	1	INDEF.	A1	26	14
TÉCNICO DEPORTES	1	INDEF.	A2	25	17
ADMINISTRATIVO	3	INDEF.	C1	19	316
TECNICO MANTEMENTO SIST. INFORMATICOS	1	INDEF.	C1	18	140 <i>1 vacante</i>
XEFE MANTEMENTO INSTALACIONES	1	INDEF.	C1	18	91
ADXUNTO COORDENADOR	1	INDEF.	C1	22	92
XEFE UNIDADE MANTEMENTO E TALLER	1	INDEF.	C1	18	91
CONSERXE RESPONSABLE INSTALACION	3	INDEF.	C2	16	90
OFICIAL DE MANTEMENTO	12	INDEF.	C2	15	156 <i>4 vacante</i>
OFICIAL DE INSTALACIÓN	17	3INDEF.	C2	15	156 <i>4 vacante</i>
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	2	INDEF.	C2	16	166
AXUDANTE DE MANTEMENTO	14	INDEF.	E	14	158
LIMPADORA	1	INDEF.	E	14	158
	<hr/> 60				

Funcionario

XEFE OFICINA ADMINISTRACIÓN	1	INDEF.	C1	22	92
ADMINISTRATIVO	2	INDEF.	C1	19	316
CONSERXE RESPONSABLE DE INSTALACIÓN	1	INDEF.	C2	16	90 <i>1 Vacante</i>
	<hr/> 4				

10(173).- II DUATLON ESCOLAR EN CANDEÁN, PARA O VINDEIRO 26.03.2011. EXPTE. 10274/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 8.02.2011, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

“Autorizar a Lorena García Lago, en nome do Club Triatlón Mar de Vigo, a levar cabo o evento deportivo denominado **“II DUATLÓN ESCOLAR EN CANDEÁN”** o vindeiro 26 de marzo de 2011, as probas terán lugar no parque forestal de Candeán e comezarán ás 16.30h e rematarán aproximadamente ás 20.00h.

11(174).- XXX CROSS ESCOLAR COUTADAS, PARA O VINDEIRO DOMINGO 20.03.2011. EXPTE. 10294/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 7.02.2011, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

“Autorizar a C.S.C.R., en colaboración coa agrupación de atletismo escolar xoves atletas a organizar o vindeiro domingo 20 de marzo de 2011, o **XXXV Cross Escolar Coutada Beade**, dito Cross comezará ás 10.00 horas, e rematará ás 13.30 horas, percorrendo varios camiños da parroquia; a saída e a chegada da carreira será no propio colexio público”

12(175).- I EDICIÓN DO CROSS ESCOLAR COLEXIO MONTERREY, PARA O VINDEIRO DOMINGO 13.03.2011. EXPTE. 10290/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 7.02.2011, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

“Autorizar ao Colexio Monterrey , en colaboración coa agrupación de atletismo escolar xoves atletas a organizar o vindeiro domingo 13 de marzo de 2011, a **-I EDICIÓN DO CROSS ESCOLAR COLEXIO MONTERREY-** dito Cross comezará ás 10.00 horas, e rematará ás 13.30 horas, percorrendo os arredores do colexio, a saída e a chegada será no propio colexio ”

13(176).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DA EMPRESA LONGO, ANSA E ASOCIADOS S.L., POLOS SERVIZOS DE TRAMITACIÓN DE UNIDADES URBANAS DE DOCUMENTOS. EXPTE. 1602/500.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da adxunta á directora de Ingresos, do 1.02.2011, conformado pola concelleira delegada de Economía e Facenda, e co informe do Interventor Xeral do 7.02.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

1) Aprobar indemnización substitutiva de gastos, de conformidade coa Base 28 de Execución de Presuposto de 2011, por importe de 32.586,52 € a favor da empresa Longo, Ansa e Asociados SL con CIF B33473489 polos servizos de tramitación de 174 unidades urbanas de documentos 902 en parcelas de ata 10 u/u, tramitación de 538 unidades urbanas de documentos 902 en parcelas de máis de 10 u/u.

2) Recoñecer a obriga a favor da empresa Longo Ansa y Asociados SL por un importe de 32.586,52 € consecuencia da factura nº 1110014 de data 31 de xaneiro de 2011 con cargo á partida 9310.2279.902.

14(177).- PRÓRROGA PARA O ANO 2011, DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A SOCIEDADE PROTECTORA DE ANIMAIS E PLANTAS DE VIGO PARA A RECOLLIDA DE ANIMAIS SOLTOS E A ATENCIÓN DO CENTRO DE RECOLLIDA OU REFUXIO DE ANIMAIS. EXPTE. 5512/306.

Retirado polo servizo de Medio Ambiente, antes da realización da convocatoria.

15(178).- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE LIMPIEZAS CIES, S.L. POLOS SERVIZOS PRESTADOS NO MERCADO DO PROGRESO DE VIGO. EXPTE. 5128/551.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do interventor técnico no Mercado do Progreso, do 8.02.2011, conformado polo concelleiro de Industria, Comercio e Cascos Históricos, co informe do titular da Asesoría Xurídica do 4.10.2010, e co informe do Interventor Xeral do 11.02.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o recoñecemento dos créditos antes expresados, todo elo sen prexuízo de esixir as correspondentes responsabilidades pola realización de gastos sen a correspondente partida orzamentaria, a favor de LIMPIEZAS CIES, S.L. na contía de 63.243,32 €, correspondentes ós servizos de limpeza prestados no Mercado do Progreso.

2º.- De conformidade coas Bases de execución orzamentaria para o ano 2011, recoñecer a obriga do gasto a favor do acredor LIMPIEZAS CIES, S.L.,C.I.F. B-36631935, polo importe de 63.243,32 €, correspondentes ás facturas seguintes:

Exped. Fact.	Estado Fact.	Nº Fact.	Fact. Base	Fact. Ive	Fact. Total
5124/551	V	08-002505	4.055,00 €	648,80 €	4.703,80 €
234/551	V	09-001053	6.308,14 €	1.009,30 €	7.317,44 €
235/551	V	09-001275	6.308,14 €	1.009,30 €	7.317,44 €
236/551	V	09-001483	6.308,14 €	1.009,30 €	7.317,44 €
237/551	V	09-001692	6.308,14 €	1.009,30 €	7.317,44 €
443/551	V	09-001901	6.308,14 €	1.009,30 €	7.317,44 €
5107/551	V	09-002127	6.308,14 €	1.009,30 €	7.317,44 €
5108/551	V	09-002339	6.308,14 €	1.009,30 €	7.317,44 €

5109/551	V	09-002570	6.308,14 €	1.009,30 €	7.317,44 €
----------	---	-----------	------------	------------	------------

3º.- Ordenar o pago a favor de LIMPIEZAS CIES, S.L.,C.I.F. B-36631935, polo devandito importe de 63.243,32 € con cargo ao crédito dispoñible na partida 4310.227.99.11 “Gastos funcionamento Mercado Progreso” do orzamento vixente.

16(179).- DISPOSICIÓN PARA A REGULACIÓN DE TURNOS DE DESCANSO NO SECTOR DO AUTOTAXI DE VIGO. EXPTE. 78050/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Transportes, do 14.02.2011, conformado polo concelleiro delegado da área, a Xunta de Goberno local acorda:

“ Aprobar a colocación obrigatoria nos vehículos autotaxi da cidade de distintivos para diferenciar as quendas as que corresponde o descanso; distintivos que serán circulares e cun diámetro de 10 cm., e que terán as seguintes cores para diferenciar as quendas:



Así mesmo, e para a organización das quendas, establécese a seguinte relación de licenzas e cores :

<u>Licenzas</u>	<u>Cor</u>
1 a 92-----	vermello
93 a 184-----	azul
185 a 276-----	verde
277 a 368-----	morado
369 a 460-----	marelo
461 a 553-----	gris

Os citados distintivos iran colocados a ambos lados do vehículo na parte lateral superior posterior traseira”.

17(180).- RETENCIÓN DO AVAL DA ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESÁNS, PARA RESPONDER DOS DANOS OCACIONADOS NOS XARDÍNS DA ESTACIÓN DE RENFE. EXPTE. 79406/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da enxeñeiro técnico municipal da área de Mobilidade, Transporte e Seguridade, do 9.02.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á **retención** do aval por un importe de 925,25 €, do presentado en data 30 de novembro de 2010 pola ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESÁNS, con C.IF.G-15.128.275, para responder dos danos ocasionados **nos xardíns da Estación de Renfe** con motivo da celebración da Feira de Artesanía OFEITOAMAN, do 18 de decembro de 2010 ao 5 de xaneiro de 2011.

Así mesmo, acórdase devolver **1074,75 €**, cantidade resultante de descontar o importe dos danos ao aval de 2000 € presentado o 30 de novembro de 2010

18(181).- DECLARAR PRESCRITOS OS FEITOS IMPUTADOS A UN INSPECTOR DA POLICÍA LOCAL E POLO TANTO DEIXAR SEN EFECTO A SÚA MEDIDA PROVISIONAL DE SEPARACIÓN DAS FUNCIONS QUE VIÑA DESEMPEÑANDO NO EVAP. EXPTE. 34000/212.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do instrutor do expediente da Policía Local, do 14.02.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar prescritos os feitos imputados ao Inspector da Policía Local Vázquez Varela na denuncia presentada pola Sra. Ana María VILA RODRÍGUEZ o 10 de febreiro de 2009, complementada co informe do Oficial García Veiro de 10 de setembro de 2009.

2º.- Deixar, na súa consecuencia, sen efecto a medida provisional de separación do citado Inspector das funcións que viña desempeñando no EVAP.

3º.- Para garantir a efectividade das medidas de protección das vítimas de violencia de xénero encomendadas provisionalmente ao funcionario substituto do ata agora suspenso, o alzamento da medida provisional terá lugar transcorridos 15 días hábiles a contar dende o seguinte á notificación do presente acordo ao interesado.

19(182).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN CONTENDO CONVOCATORIA PROCESOS SELECTIVOS EN EXECUCIÓN OEP 2008 PRAZAS LABORAIS PROMOCIÓN INTERNA. EXPTE. 21822//220.

Dase conta da Resolución do concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, de data 9.02.2011, co dou fe do Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local, que dí o que segue:

“Sendo publicadas en data 17 de novembro de 2010 no Diario Oficial de Galicia as bases xerais e específicas reitoras dos procesos selectivos derivados da execución da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, aprobadas por acordos da Xunta de Goberno Local de datas 28 de maio, 5 de agosto e 24 de setembro de 2010.

Considerando que a planificación na xestión dos recursos humanos ao servizo do Concello de Vigo demanda priorizar a provisión das seguintes prazas laborais, por promoción interna: oficial conserxe, oficial xardineiro e oficial desinfectador nos termos do previsto nas citadas bases.

Considerando que a competencia para a aprobación das ofertas de emprego público e das bases das convocatorias de selección e provisión de postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local, segundo o réxime de atribucións contemplado na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local,

Vistas as competencias que en canto á planificación, desenvolvemento e execución da política municipal en materia de persoal ostento por delegación do Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de data 5 de xullo de 2007, e nos termos do preceptuado na Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos aos que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local; Decreto autonómico 95/1991, de 20 de marzo; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo –de aplicación supletoria no non previsto na anteriormente invocada norma- e normativa de concordante aplicación, pola presente

R E S O L V O:

“Primeiro.- Proceder á convocatoria dos procesos selectivos en execución da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008 en relación ás seguintes prazas laborais:

- **Oficial Conserxe.** Número de prazas: 1. Sistema de provisión: promoción interna.
- **Oficial Xardineiro.** Número de prazas: 3. Sistema de provisión: promoción interna.
- **Oficial Albanel.** Número de prazas: 1. Sistema de provisión: promoción interna.

Segundo.- O prazo de presentación de solicitudes para tomar parte nas ditas convocatorias será de 20 días naturais, a partir do seguinte á publicación de anuncio contendo extracto da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia.

Os sucesivos anuncios referentes a estas convocatorias unicamente faranse públicos no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Taboleiro de Editos da Corporación, xuntamente coa páxina web municipal **www.vigo.org**.

Terceiro.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

20(183).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN CONTENDO CONVOCATORIA PROCESOS SELECTIVOS EXECUCIÓN OEP 2008 PRAZAS FUNCIONARIOS (OPOSICIÓN LIBRE E PROMOCIÓN INTERNA) E LABORAIS (OPOSICIÓN LIBRE). EXPTE. 21821/220.

Dase conta da Resolución do concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, de data 9.02.2011, co dou fe do Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local, que di o que segue:

“Sendo publicadas en data 17 de novembro de 2010 no Diario Oficial de Galicia as bases xerais e específicas reitoras dos procesos selectivos derivados da execución da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, aprobadas por acordos da Xunta de Goberno Local de datas 28 de maio, 5 de agosto e 24 de setembro de 2010.

Considerando que a planificación na xestión dos recursos humanos ao servizo do Concello de Vigo demanda priorizar a provisión das seguintes prazas: Técnico de Prevención de Riscos Laborais, Técnico de Xestión (promoción interna), Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas, Alguacil, Administrativo de Administración Xeral e Técnico Medio de Servizos Económicos nos termos do previsto nas citadas bases.

Considerando que a competencia para a aprobación das ofertas de emprego público e das bases das convocatorias de selección e provisión de postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local, segundo o réxime de atribucións contemplado na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local,

Vistas as competencias que en canto á planificación, desenvolvemento e execución da política municipal en materia de persoal ostento por delegación do Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de data 5 de xullo de 2007, e nos termos do preceptuado na Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos aos que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local; Decreto autonómico 95/1991, de 20 de marzo; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo –de aplicación supletoria no non previsto na anteriormente invocada norma- e normativa de concordante aplicación, pola presente

R E S O L V O:

“Primeiro.- Proceder á convocatoria dos procesos selectivos en execución da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008 en relación ás seguintes prazas:

a) Persoal funcionario:

- **Técnico de Prevención de Riscos Laborais.** Número de prazas: 1. Grupo A2. Escala Administración Especial. Subescala Servizos Especiais. Clase Cometidos Especiais. Sistema de provisión: oposición libre.

- **Técnico de Xestión.** Número de prazas: 1. Grupo A2. Escala Administración Especial. Subescala Servizos Especiais. Clase Cometidos Especiais. Sistema de provisión: promoción interna.

- **Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas.** Número de prazas: 1. Grupo A2. Escala Administración Especial. Subescala Técnica. Clase Media. Sistema de provisión: oposición libre.

- **Alguacil.** Número de prazas: 1. Grupo E. Escala Administración Especial. Subescala Servicios Especiais. Clase Cometidos Especiais. Sistema de provisión: oposición libre.
- **Administrativo de Administración Xeral.** Número de prazas: 14. Grupo C1. Escala Administración Xeral. Subescala Administrativa. Sistema de provisión: promoción interna.
- **Técnico Medio Servicios Económicos.** Número de prazas: 1. Grupo A2. Escala Administración Especial. Subescala Servicios Especiais. Clase Cometidos Especiais. Sistema de provisión: promoción interna.

b) Persoal laboral:

- **Oficial Conserxe.** Número de prazas: 1. Sistema de provisión: oposición libre.
- **Oficial Mecánico.** Número de prazas: 1. Sistema de provisión: oposición libre.
- **Oficial Xardineiro.** Número de prazas: 1. Sistema de provisión: oposición libre.
- **Oficial Albanel.** Número de prazas: 1. Sistema de provisión: oposición libre.
- **Oficial Desinfector.** Número de prazas: 1. Sistema de provisión: oposición libre.

Segundo.- O prazo de presentación de solicitudes para tomar parte nas ditas convocatorias será de 20 días naturais, a partir do seguinte ao da publicación de anuncio contendo extracto da presente resolución no Boletín Oficial do Estado.

Os sucesivos anuncios referentes a estas convocatorias unicamente faranse públicos no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Taboleiro de Editos da Corporación, xuntamente coa páxina web municipal **www.vigo.org**.

Terceiro.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

21(184).- PRODUTIVIDADE A D. AVELINO SAN LUIS COSTAS, CORRESPONDENTE AO SEGUNDO SEMESTRE 2010. EXPTE. 21751/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH., do 18.01.2011, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 11.02.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Outorgar ao funcionario municipal D^a Avelino San Luis Costas, con n de persoal 9900 e DNI 35946375C, Xefe de Relacións Publicas e protocolo, un complemento de produtividade segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de abril de 2007, con cargo á partida orzamentaria 9221.1500000 “Produtividade, por importe de 4622,22 €, correspondente ao período comprendido entre o 1 de xullo ao 31 de decembro de 2010
2. Aprobar e comprometer o pago da cantidade de 4622,22€ en concepto de produtividade a favor do funcionario municipal D^a Avelino San Luis Costas, con n de persoal 9900 e DNI 35946375C , con cargo a partida orzamentaria 12101500000.

22(185).- PRODUCTIVIDADE A D^a ALICIA MEIRIÑO FERNÁNDEZ, CORRESPONDENTE AO ÚLTIMO TRIMESTRE DO ANO 2010. EXPTE 21804/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH., do 7.02.2011, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 10.02.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Outorgar a funcionaria D^a Alicia Meiriño Fernandez, con n de persoal 15817 pola realización das funcións encomendadas, segundo Resolución do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal de data 6 de xullo de 2010 un complemento de produtividade por importe de 1.274,25 € €, correspondente ao período comprendido entre o 1 de outubro ao 31 de decembro de 2010

Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 1.274,25 € en concepto de produtividade a favor da funcionaria anteriormente referenciada, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 “Produtividade” .

23(186).- CAMPAÑA DESINFECCIÓN ANO 2011. EXPTE. 21803/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH., do 7.02.2011, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 10.02.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aproba-lo establecemento dunha campaña ordinaria de desratización no termo municipal de Vigo para o ano 2010, a realizar polo propio persoal municipal do servizo de desinfección, co apoio de dun oficial condutor do Parque Móbil, prevista a iniciar no mes de Maio de 2011. A percepción desta produtividade será incompatible con calquera outra gratificación ou recargo previsto no acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo

Segundo.- Acordar o outorgamento dun complemento de produtividade por un importe global de 12000,00 € a distribuír entre o persoal participante, segundo o seu grado de participación na mesma.

24(187).- RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POLA ASOCIACIÓN DE OCEANÓGRAFOS DE GALICIA CONTRA AS BASES REITORAS DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A SELECCIÓN DE 1 ANALISTA DE LABORATORIO (CONTRATO LABORAL EN PRÁCTICAS). EXPTE. 21813/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Recursos Humanos, do 10.02.2011, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Desestimar o recurso de reposición presentado en escrito de data 09/02/2011 (nº de rexistro de entrada 110015476) por D. Jorge de los Bueis Mellado en representación da Asociación de Oceanógrafos de Galicia, contra as bases reitoras do proceso selectivo convocado para a contratación laboral temporal en prácticas de 1 analista de laboratorio, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 09/12/2010, en atención aos fundamentos xurídicos expresados e á motivación exposta no informe que antecede.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ao reclamante aos efectos oportunos, así como á Xefatura da Área de Réxime Interior, Concellería-delegada da Área de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, significándolles que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

25(188).- DAR CONTA RESOLUCIÓN CONTENDO ENCOMENDA DE FUNCÍONS DE D. JUAN CARLOS ROMÁN CASAS. EXPTE. 21787/220.

Dase conta da Resolución do concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, de data 28.01.2011, co dou fe do Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local, que di o que segue:

“Con data 9 de decembro de 2011 a Xefa de Inspección de Tributos, co conforme da Sra. Concelleira-delegada de Economía e Facenda, remite a este Servizo de Recursos Humanos, solicitude de encomenda de funcións pola realización das funcións propias de Inspector Actuario a D. Juan Carlos Román Casas.

As necesidades do servizo da Inspección de Tributos para a tramitación dos procedementos de inspección, así como sancionadores correspondentes as infraccións tributarias como consecuencia das actuacións de comprobación e inspección, conlevan o necesario reforzamento provisional do mesmo con persoal coñecedor das materias, asuntos e expedientes que de cotío son tramitados no mesmo, sempre que dispoña de titulación ao efecto, propoñéndose a tal obxecto a encomenda de funcións propias dos funcionarios encadrados no subgrupo A2, ao funcionario D. Juan Carlos Román Casas, nº de persoal 8349, inspector administrativo, adscrito a Inspección de Tributos, o cal conta con titulación suficiente a tal efecto.

Con data 21 de febreiro de 2010 o Concelleiro de Xestión Municipal, resolveu encomendar provisionalmente ao funcionario D. Juan Carlos Román Casas, con nº de persoal 8349, inspector administrativo, adscrito á Inspección de Tributos, funcións de Inspector Adxunto Tributos, posto que figura vacante na vixente relación de postos de traballo, con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Xefatura do Servizo, con validez dende a data a data da resolución ata que se proceda a súa cobertura definitiva ó estar incluída na oferta de emprego público do ano 2008, e en todo caso ata 31 de decembro do ano 2010.

Dado que ata a data aínda atopase vacante o posto de Inspector Adxunto de Tributos e resulta imprescindible manter o correcto funcionamento do Servizo, a xestión do mesmo en canto á tramitación dos procedementos de inspección, así como sancionadores correspondentes as infraccións tributarias como consecuencia das actuacións de comprobación e inspección, a fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, e considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións;

R E S O L V O

“Primeiro.- Encomendar provisionalmente ao funcionario D. Juan Carlos Román Casas, con nº de persoal 8349, inspector administrativo, adscrito á Inspección de Tributos, funcións de Inspector Adxunto Tributos, posto que figura vacante na vixente relación de postos de traballo, con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Xefatura do Servizo.

Segundo.- A dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, terá validez dende o 1 de febreiro de 2011 ata que se proceda a súa cobertura definitiva ó estar incluída na oferta de emprego público do ano 2008 ou ata a data que se proceda á redistribución, resignación ou incorporación de novos efectivos ao servizo, e en todo caso ata 31 de xullo do presente ano 2011, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo. Na solicitude de aboamento deberá relacionarse de xeito exhaustivo as tarefas levadas a cabo no período obxecto de aboamento e deberá acompañarse de listado de control de presenza no que se contemple a maior adicación horaria resultante da realización das tarefas encomendas amais das correspondentes ao posto ao que se este adscrito. Dito exceso de xornada non será compensable con descansos, compensación ou redución de xornada nin abordable

Terceiro.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partir do seguinte día ao da súa notificación, dese traslado ao interesado, concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefatura Inspección de Tributos, Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, Planificación e Organización, así como ao Comité de Persoal para coñecemento e efectos.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

26(189).- DAR CONTA RESOLUCIÓN CONTENDO ENCOMENDA DE FUNCÍONS DE Dª JUANA ABALDE POSADA. EXPTE. 21799/220.

Dase conta da Resolución do concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, de data 28.01.2011, co dou fe do Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local, que di o que segue:

As necesidades de persoal no Servizo Propio de Prevención de Riscos Laborais (SPPRL), encadrado na estrutura do Servizo de Recursos Humanos, conlevan o necesario reforzamento provisional do mesmo; necesidades postas de manifesto no escrito da Xefa do Servizo de Recursos Humanos de data 24/02/2009, situacións aínda non resoltas.

Adicionalmente, e debido ao cambio de ubicación física do citado SPPRL, resulta imprescindible que exista un nexo de unión entre o mesmo e Servizo de Recursos Humanos, aos efectos de posibilita-la tramitación dos aspectos que impliquen relación cos negociados de Seguridade Social e de Persoal (Contratación). Así, e sen prexuízo da dotación de efectivos adicionais para o reforzamento do SPPRL, estímase oportuno encomendar temporalmente e con carácter provisional funcións propias de auxiliar de admón. Xeral (subgrupo C2) no SPPRL á funcionaria Dª Juana Abalde Posada, con nº de persoal 15.102, auxiliar de administración xeral adscrita ao Servizo de Recursos Humanos.

Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións;

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei

7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

RESOLVO

“Primeiro.- Encomendar provisionalmente, á funcionaria D^a Juana Abalde Posada, con nº de persoal 15.102, auxiliar de administración xeral adscrita ao Servizo de Recursos Humanos, funcións propias de auxiliar de admón. Xeral no Servizo Propio de Prevención de Riscos Laborais (SPPRL), con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrita como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección das técnicas de Prevención de Riscos Laborais e da propia Xefatura do Servizo de destino.

Segundo.- A dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, terá validez dende a data do presente decreto e ata que se proceda á reasignación de efectivos ou adscrición dunha praza -e correspondente posto de traballo asociado- de auxiliar de admón. xeral ao SPPRL, e en todo caso ata 31 de xullo do presente ano 2011, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo. Na solicitude de aboamento deberá relacionarse de xeito exhaustivo as tarefas levadas a cabo no período obxecto de aboamento e deberá acompañarse de listado de control de presenza no que se contemple a maior adicación horaria resultante da realización das tarefas encomendas amais das correspondentes ao posto ao que se este adscrito. Dito exceso de xornada non será compensable con descansos, compensación ou redución de xornada nin aboable

Terceiro.- Da presente resolución, dese traslado á interesada, concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, Planificación e Organización, así como ao Comité de Persoal para coñecemento e efectos.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segunda resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

En base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Noescafé Teatro, o Concello de Vigo e a dita entidade Noescafé Teatro conveñen a súa colaboración e a concesión da referida subvención en base as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O presente convenio ten o obxecto de regular as condicións da subvención nominativa outorgada a NOESCAFÉ TEATRO pola xunta de Goberno Local do Concello de Vigo con data _____, con destino ao Festival Alternativo das Artes Escénicas Alt'11.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.

O presuposto xeral do programa obxecto do convenio ascende a un total de 119.300,00 € (cento dezanove mil trescentos euros). Os ingresos previstos pola Asociación Cultural Noescafé Teatro proveñen da subvención do departamento de Cultura do Concello de Vigo (60.000,00 €, 50,29 % do total), e de outras subvencións ou aportacións públicas, privadas e de recursos propios de Noescafé Teatro (59.385,00 €, 49,71 %).

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES.

O Festival Alternativo das Artes Escénicas Alt'11 realizarase entre os días 10 e 20 de marzo de 2011 nos seguintes espazos: Auditorio Municipal, Casa das Artes, MARCO, CUVI, rúa, etc.

CUARTA.- MECANISMO DE ASISTENCIA TÉCNICA. OBRIGAS DE NOESCAFÉ TEATRO.

1. Cumprir o programa obxecto da subvención de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material gráfico, rotulacións, aluguer de espazos e gastos derivados do seu uso, etc.)
2. Responsabilizarse da organización integral do Festival Alternativo das Artes Escénicas Alt'11, de difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, solicitar os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, reservas de vía pública, solicitude de permisos de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Comprometerse á organización de todas as actividades, asumindo todos os gastos derivados desa programación, incluíndo as referencias que se acorden sobre a colaboración da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural, derivada da subvención concedida ao Festival Alternativo das Artes Escénicas Alt'11.
4. Incorporar os anagramas-logotipos do CONCELLO na forma que se detalla na cláusula sétima e comunicar co CONCELLO as roldas de prensa, presentación a medios ou todo tipo de comunicacións ao exterior nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
5. Estar en comunicación cos responsables de mantemento da páxina web do departamento de Cultura facilitándolle toda información necesaria para que a páxina Vigocultura estea ao día da información xenerada por Noescafé Teatro en canto ao Alt'11.

6. NOESCAFÉ TEATRO comunicará ao CONCELLO as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (de acordo co art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización de modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
7. A concesión da subvención a NOESCAFÉ TEATRO implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

QUINTA.- MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA, OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO-CONCELLERÍA DE CULTURA E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL.

1. Realizar o seguemento do desenvolvemento do Festival Alternativo das Artes Escénicas Alt'11 e colaborar na súa viabilidade.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUEMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA.

A unidade xestora da subvención a Noescafé Teatro é a unidade de Cultura do Concello de Vigo, á quen informará sobre o desenvolvemento do Festival Alternativo das Artes Escénicas Alt'11; en particular sobre o calendario da programación prevista, para que, coa antelación necesaria, se poida incluír na información cultural que se produza.

Tamén comunicará á unidade de Cultura os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

A Asociación Cultural Noescafé Teatro deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura e Animación Sociocultural e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA.

A Asociación Cultural Noescafé Teatro adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do Festival Alternativo das Artes Escénicas Alt'11; incorporando esta publicidade, de forma particular, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, nas informacións xerais sobre a Asociación Cultural Noescafé Teatro, etc., de acordo co departamento de Cultura da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo.

A Asociación Cultural Noescafé Teatro asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión do Festival Alternativo das Artes Escénicas Alt'11. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo e da Concellería da Área de Cultura e Animación Sociocultural figurará debidamente en todas as publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa Concellería da Área a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao departamento de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias Noescafé Teatro, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha aportación ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

Asemade, NOESCAFÉ TEATRO entregará material de difusión unha vez editado, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación desde o departamento de Cultura.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa Concellería-delegada da Área de Cultura e Animación Sociocultural.

A Asociación Cultural Noescafé Teatro comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento.

A Asociación Cultural Noescafé Teatro tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

Noescafé Teatro facilitará ao departamento de Cultura toda a información sobre o programa do Festival ALT'11 nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

LINGUA DE DIFUSÓN E PUBLICACIÓNS.-

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa concellería de Cultura para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

O Concello de Vigo xestionará o pagamento a Noescafé Teatro polo importe da subvención outorgada para a organización e realización do Festival Alternativo das Artes Escénicas Alt'11.

Se establece un fraccionamento en dous pagamentos segundo o ritmo de execución da acción subvencionada segundo o artigo 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia do seguinte xeito:

- a) Unha primeira achega a conta, por importe máximo de 30.000,00 € trala aprobación pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes e tras recibir a

documentación xustificativa, cos correspondentes informes técnicos e o conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural. O pagamento se realizará pola contía equivalente á xustificación presentada coas facturas orixinais.

No caso de que no momento de tramitar a primeira achega a entidade beneficiaria non teña todavía facturas, pero sí gastos comprometidos, e tendo en conta o carácter non lucrativo da entidade organizadora, poderanse considerar pagamentos anticipados tal e como se establece na base 38ª.7 das de Execución do Orzamento do Concello de Vigo de 2011, aportando documentación dos compromisos contractuais artísticos con indicación das datas de pagamento, debendo, en todo caso aportar as facturas derivadas destes compromisos no momento no que estean en poder do beneficiario e sempre antes do trámite da segunda achega. Neste caso, non se considera necesaria a esixencia de ningunha garantía especial habida conta da experiencia de Noescafé Teatro con este Concello en anos anteriores e unha vez que acheguen como comprobante copias dos contratos orixinais compulsadas destes compromisos.

- b) Unha segunda achega ao final do festival polo importe restante, unha vez recibida a documentación xustificativa, cos correspondentes informes técnicos e o conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, en todo caso antes do 30 de novembro de 2011.

DOCUMENTACIÓN PARA TRAMITAR OS PAGAMENTOS.-

Para cada unha das achegas:

- Solicitud de pagamento de cada unha das partes da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo.
- Declaración xurada de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.

Para a segunda achega (liquidación da subvención):

- a) Memoria-avaliación do Festival Alternativo das Artes Escénicas Alt'11, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos que deberá incluír como mínimo:
1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades (número e perfil dos asistentes).
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión con presenza dos logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- b) Memoria económica xustificativa, con relación de gastos e ingresos pola totalidade do funcionamento da actividade subvencionada, con indicación de acreedores, conceptos, datas de emisión e importes. Tamén se achegarán as facturas orixinais correspondentes ao importe subvencionado.
- c) Detalles de outros fondos públicos ou privados obtidos por Noescafé Teatro para financiar a totalidade do Festival Alternativo das Artes Escénicas Alt'11: importes, procedencias, datas dos ingresos e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. Asemade, se achegará relación de ingresos obtidos por venda de entradas, merchandaising, etc.

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, o número e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado,

deducindo o IVE, salvo xustificación de exención de IVE, os xustificantes corresponderán aos gastos vinculados directamente o obxecto específico da subvención e polo importe da mesma.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampinado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente a subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporárase ao expediente copia do xustificante orixinal estampinado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Na conta xustificativa, nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do proceso de xustificación previsto na resolución de concesión da subvención; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

A liquidación dos pagamentos da subvención están condicionados á conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, despois dos informes técnicos necesarios.

GASTOS SUBVENCIONABLES.-

Os gastos subvencionables corresponderán aos directamente aplicables ao Festival Alternativo das Artes Escénicas Alt'11, quedando excluídos os gastos xerais de funcionamento da entidade organizadora, os de investimento (obras e elementos inventariables) e os que non se axusten aos criterios lingüísticos sinalados.

A entidade beneficiaria poderá subcontratar as actividades subvencionadas dentro dos parámetros do artigo 27 da Lei de Subvencións de Galicia. Deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

IMPORTE TOTAL DE SUBVENCÍONS OU AXUDAS.-

A subvención do Concello de Vigo a Noescafé Teatro, é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A Asociación Cultural Noescafé Teatro comunicará ao Concello de Vigo, a través do departamento de Cultura, a obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que financien as actividades subvencionadas, no momento en que teña constancia da súa efectividade, así como as datas en que resulten dispoñibles as aportacións económicas; en todo caso, a comunicación producirase con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

O Importe das subvencións ou axudas percibidas pola Asociación Cultural Noescafé Teatro para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Cultura. Os técnicos do servizo de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Para estes efectos, no expediente consta un orzamento estimado de ingresos por importe total de 119.300 € e un orzamento estimado de gastos por importe de 119.385 €. No caso de producirse modificacións ao respecto NOESCAFÉ TEATRO comunicará ao CONCELLO as modificacións, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización de modificación ou non do importe da subvención concedida ou reintegro. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- VIXENCIA, PRORROGABILIDADE E MECANISMOS DE DENUNCIA.

O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2011.

Este convenio non é prorrogable.

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar o convenio a través dunha notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

DÉCIMO QUINTA.- RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.

A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural queda facultado para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO SEXTA.- LEXISLACIÓN APLICABLE.

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

En proba de conformidade, asinan por triplicado o presente convenio na data xa indicada.

ANEXO

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFÉ TEATRO, RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DO FESTIVAL ALTERNATIVO DAS ARTES ESCÉNICAS ALT'11

PRESUPOSTO

INGRESOS PREVISTOS

Departamento de Cultura do Concello de Vigo	60.000,00 €
Xunta de Galicia - AGADIC	25.000,00 €
Aportación Concello 10º aniversario	15.000,00 €
Caja Madrid	3.000,00 €
Universidade de Vigo	3.000,00 €
Verbum	3.000,00 €
Noescafé Teatro	6.000,00 €
Billeteira (previsión)	4.300,00 €

TOTAL **119.300,00 €**

GASTOS

Comunicación, publicidade	10.000,00 €
Programa artístico	50.000,00 €
Producción	7.700,00
€	
Producción técnica	25.000,00 €
Xestión	6.000,00 €
Alt. Week End	15.000,00 €
Varios	5.685,00 €
TOTAL	119.385 €

40(203).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS BIBLIOTECARIOS COMPLEMENTARIOS PARA A BIBLIOTECA DE AV. MARTINEZ (XOSE NEIRA VILAS). EXPTE. 12178/331.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 15.02.2011, e coa proposta do xefe do departamento de Cultura e Bibliotecas do 17.02.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar á LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS, S.L. o procedemento aberto para a contratación DOS SERVIZOS BIBLIOTECARIOS COMPLEMENTARIOS PARA A BIBLIOTECA DA AVDA MARTINEZ (“XOSE NEIRA VILAS”)(EXPTE.12178-331) por un prezo total de 546.447,99 euros (IVE incluído) que se desglosa nas seguintes partidas:

Organización Xeral dos servizos 378.781,55 euros.

Actividades de dinamización e extensión bibliotecaria 62.445,60 euros.

Difusión e comunicacións 46.834,20 euros.

Subscricións 9.366,84 euros.

Fondos bibliográficos 33.408,40 euros.

Consumibles 7.805,70 euros.

Mantenemento xeral de equipos necesarios para o funcionamento bibliotecario 7.805,70 euros.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

2º.- Que se autorice o inicio efectivo das prestacións do contrato de servizos bibliotecarios complementarios para a biblioteca Xosé Meira Vilas, da Avda Martinez Garrido (expte 12178-331) con efecto a partir do día seguinte a sinatura.

41(204).- BASES DA CONVOCATORIA DO I CERTAME DE PINTURA “ANTONIO QUESADA” PARA XOVES CREADORES/AS DA COMUNIDADE GALEGA. EXPTE. 4263/337.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do Museo, do 18.01.2011, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio Histórico, co informe do letrado asesor do 17.02.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 21.02.2011, conformado polo Interventor Accidental, a Xunta de Goberno local acorda:

“1º Aproba-las bases da convocatoria do I CERTAME DE PINTURA “ANTONIO QUESADA” PARA XOVES CREADORES/AS DA COMUNIDADE GALEGA

2º Aprobar un gasto de OITO MIL (8.000) euros para a dotación económica dos premios derivados da convocatoria do certame; dividido como segue:

- CATRO MIL (4.000) euros para dotación do PRIMEIRO PREMIO.
- DOUS MIL (2.000) euros para dotación do SEGUNDO PREMIO.
- DOUS MIL (2.000) euros para dotación dos ACCÉSITS de contido económico que o xurado determine outorgar.

O gasto imputarase á partida 3330 4810000 do orzamento do museo municipal de 2011.”

**BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICA DO
I CERTAME DE PINTURA “ANTONIO QUESADA”
PARA XOVES CREADORES/AS DA COMUNIDADE GALEGA**

Primeira.- Obxecto.

O obxecto ao que se refiren as presentes bases e convocatoria específica é o I certame de pintura “Antonio Quesada” para xoves creadores/as da comunidade galega; que terá lugar entre os días 29 de abril e 1 de maio de 2011, na Praza da Princesa de Vigo, e/ou no seu contorno; organizado polo Museo da Cidade “Quiñones de León” e a Concellería de Patrimonio Histórico do Excmo Concello de Vigo

Segunda.- certame.

Concederáse un PRIMEIRO PREMIO de CATRO MIL (4.000) euros á obra que o xurado valore máis destacada pola súa calidade artística; e un SEGUNDO PREMIO de DOUS MIL (2.000) euros á obra que, despois da anterior, e co mesmo criterio, valore máis destacada. Así mesmo o xurado poderá conceder os ACCÉSITS que considere para cuxa dotación destinábase unha cantidade máxima de DOUS MIL (2.000) euros. O Concello de Vigo practicará as correspondentes retencións do IRPF sobre as cantidades percibidas.

O crédito orzamentario desta convocatoria ascende á cantidade de 8.000 euros da partida 3330 4810000 do orzamento do museo municipal de 2011.

Terceira.- Requisitos dos/das participantes

1. Poderán participar artistas nados/as ou residentes en Galicia, de idades comprendidas entre os 16 e os 35 anos, no momento da realización da inscrición.

2. En xeral serán obrigas dos participantes as previstas nestas bases e convocatoria; e particularmente as sinaladas nos artigos 10 e 11 da Lei de subvencións de Galicia. Con este obxecto será necesario achegar, xunto a ficha de inscrición, unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10.

Cuarta.- Requisitos das obras e exposición

1. Cada artista poderá presentar a concurso unha única obra; de dimensións máximas de 150 x 150 cms; e mínimas de 75 x 75 cms. A obra deberá ser única e orixinal; estar realizada sobre soporte bidimensional de calquera material agás vidro; con calquera técnica de carácter fundamentalmente pictórica; e temática libre.

2. O xurado realizará unha selección dos/das artistas presentados tendo en conta, por esta orde: a calidade da obra presentada; o currículo do/a artista; e a data de inscrición no rexistro. Seguindo os mesmos criterios o xurado elaborará unha lista de reserva ao obxecto de cubrir as baixas que se poidan producir na lista de seleccionados/as.

As listas de artistas seleccionados e de reserva daranse a coñecer, antes do 17 de abril de 2011, na páxina web do museo municipal (www.museodevigo.org).

3. Os/as artistas seleccionados/as entregarán á organización, persoalmente ou mediante persoa delegada -acreditada documentalmente con este fin -; a obra presentada; na Casa Galega da Cultura de Vigo (Praza da Constitución, 1, Vigo); entre as 16.00 horas e as 20.00 horas do xoves día 28 de abril de 2011.

A obra entregarase enmarcada con listón simple, preparada para o seu colgado, e cos seguintes datos no seu dorso: título, medidas, nome e apelidos do autor; e seudónimo se o ten.

Ao recibo da obra a organización entregará ó/a artista o correspondente resguardo de entrega que será necesario para a súa posterior devolución.

As obras non presentadas no prazo establecido consideraranse automaticamente fora de concurso. Finalizado o prazo procederáse a inmediata convocatoria das reservas para reemprego dos/das artistas non presentados/as.

4. Será competencia exclusiva da organización a asignación do espazo expositivo ás obras seleccionadas co obxecto de conseguir o mellor aproveitamento do espazo dispoñible. Os/as artistas autorizan á

organización ao porteo; e montaxe e desmontaxe das súas obras. A organización porá o maior celo no que concerne a protección e vixilancia das obras durante a súa manipulación e exhibición; se ben queda exenta de calquera clase de responsabilidade derivada dos perxuízos que durante estes procesos puidesen producirse; quedando por conta dos/das artistas a valoración da necesidade de aseguramento das obras presentadas.

5. Os/as artistas poderán retirar as obras non premiadas o luns 2 de maio, entre as 9.00 horas e as 14.00 horas. Transcorrido este prazo, considerase que os/as artistas renuncian ás obras; quedando o Concello de Vigo facultado para dispor libremente delas, sen recoñecemento de dereitos de reclamación ou indemnización de ningunha clase.

6. Os/as artistas autorizan á organización a dispor libremente da reprodución fotográfica das obras presentadas; cedéndolle os dereitos correspondentes de xeito exclusivo co fin de realizar as publicacións en papel ou electrónicas que desexe realizar.

7. A exposición inaugurarase formalmente o venres 29 de abril de 2011, ás 18.00 horas, quedando as obras expostas ata o domingo 1 de maio ás 20.00 horas.

Quinta.- Concesión do premio

1. O procedemento para a concesión do premio será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

2. Existirá un xurado, composto da seguinte forma:

PRESIDENTE. Presidente da Xunta Reitora do Museo da Cidade “Quiñones de León” ou concelleiro no que delegue.

PRESIDENTE HONORARIO. D. Antonio Quesada Porto, ou vogal da Xunta Reitora do Museo no que este delegue.

VOGAIS:

Catro persoas de recoñecido prestixio no ámbito das artes plásticas; designadas polo Presidente da Xunta Reitora; a proposta do Museo da Cidade “Quiñones de León”;

O Director do Museo da Cidade “Quiñones de León” ou técnico no que delegue.

SECRETARIA. A coordinadora do Museo da Cidade “Quiñones de León”, con voz e sen voto.

A composición do xurado coñecerase tres días antes do dictame. En caso de producirse empate resolverá o voto de calidade do Presidente do xurado. O xurado reservase o dereito a declarar o certame deserto así como a conceder os accésits que considere oportunos.

3. A lectura do dictame do xurado, na que se anunciarán as obras premiadas, terá lugar o sábado 30 de abril, ás 12 horas, na Praza da Princesa ou na Casa Galega da Cultura.

4. A concesión do premio notificarase aos artistas presentados, no prazo de dez días hábiles a partir da data de concesión, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

5. As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Excmo Concello de Vigo con destino a súa colección municipal de arte galega. Así mesmo o xurado estudará a posibilidade de incorporación das obras beneficiarias con accésits á esta colección.

Sexta.- Presentación das solicitudes

A inscrición realizarase no Rexistro Xeral do Concello de Vigo antes das 13.00 horas do venres 18 de marzo de 2011; mediante ficha normalizada que estará dispoñible no Rexistro Xeral; no Pazo de Castrelos-Museo da Cidade; e na páxina web do Museo Municipal (www.museodevigo.org).

Xunto coa ficha de inscrición, completamente cumprimentada, o artista deberá presentar en sobre pechado, debidamente identificado polo exterior co nome da persoa inscrita; a documentación seguinte:

3. Fotocopia do DNI ou documentación acreditativa de residencia en Galicia
4. Breve currículum vitae
5. Fotografía en cor da obra a concurso en boa calidade e resolución mínima 300 pp.
6. Declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da lei de subvencións de Galicia..

A documentación presentada pasará a formar parte do CEDOM (Centro de Documentación do Museo da Cidade “Quiñones de León”).

Sétima.- Subsanación da solicitude

Consonte co establecido no artigo 71 da Lei 30/92 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, o solicitante será requirido para que complete a documentación ou amañe a falla, no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.

Oitava.- Publicidade

A presente convocatoria coas bases reguladoras do I certame de pintura “Antonio Quesada”, para xoves creadores/as da comunidade galega, serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, na prensa local da cidade de Vigo, no taboleiro de anuncios do edificio municipal e nas páxinas web www.vigo.org e www.museodevigo.org, unha vez aprobadas pola Xunta de Goberno Local.

Novena.- Órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento e prazo para a notificación da resolución

1. O Museo “Quiñones de León” será o encargado da instrución do procedemento relativo ó I Certame de pintura “Antonio Quesada” e a Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder os premios a proposta do xurado.

2. Emitido o fallo polo xurado, e antes da proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, os/as artistas premiados/as deberán acreditar que se achan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social mediante a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións. Tamén acreditará, no seu caso, que se acha ao corrente das súas obrigas para co Concello de Vigo, para o cal, entenderase

que, polo feito de participar, o/a artista autoriza ó órgano instrutor para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativa de tal extremo ós departamentos administrativos responsables.

3. A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión dos premios, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ó da notificación, de acordo co artigo 116 da lei 30/1992, de 26 de novembro e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Décima.- Pagamento

1. O pagamento dos premios tramitarase a partir dun mes contado dende o día seguinte ó outorgamento pola Xunta de Goberno Local de non existir recurso ningún; e de existir recurso, tras de seren cumpridos os prazos legais para a súa resolución.

2. Antes de proceder ao pago da cantidade relativa ós premios, os gañadores deberán acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable.

Décimo primeira.- Tratamento dos datos de carácter persoal.

Os datos das persoas que se presenten ao certame, agás no relativo ó mesmo, serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento o Museo da Cidade “Quiñones de León”.

As persoas beneficiarias do presente premio poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Museo da Cidade “Quiñones de León”.

Décimo segunda.- Normativa aplicable.

A participación nesta convocatoria supón a aceptación das presentes bases, que se rexerá pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2009, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

42(205).- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DE AUDIOVISUAIS DO AUDITORIO MUNICIPAL. EXPTE. 3968/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica do servizo de Animación Sociocultural, do 21.02.2011, conformado polo concelleiro de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

“Autorizar á empresa TECESA, S.L.U. a ampliación do período de execución do contrato de obras de instalacións audiovisuais do Auditorio municipal ata o día 10 de abril de 2011, ante a imposibilidade de o poder realizar dentro do período previsto inicialmente no contrato e por mor da programación fixada dende a Concellería de Cultura e Animación Sociocultural durante os meses de febreiro, marzo e abril de 2011”.

43(206).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 9.15 h. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.